



INFORME COMPLEMENTARIO AO INFORME SOBRE PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DA VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN, DO 16.02.2023

Obxecto de informe

Esta dirección xeral o 16.02.2023 emitiu informe á *modificación da relación de postos de traballo da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación*.

Advertimos a ausencia de indicación neste informe da previsión, por parte da vicepresidencia, da amortización de dous postos de traballo vacantes pero con ocupación neste momento por persoal de novo ingreso; amortizacións que se producirán **cando as persoas ocupantes deixen o posto** tramitándose a correspondente modificación de RPT.

Trátase dos seguintes postos:

- **Xefatura de grupo** na Secretaría Xeral Técnica CP. EI.201.00.000.15770.040 (recodificado agora en EI.C02.00.000.15770.007).
- **Xefatura de grupo** na Secretaría Xeral de Industria CP. EI.C03.00.002.15770.015.

Conclusión

De conformidade co exposto e xa informado, incluída a previsión de amortización destes dous postos, esta dirección xeral **INFORMA FAVORABLEMENTE** á proposta de modificación da relación de postos de traballo da **Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación**, procedendo a sometela ao preceptivo informe da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos.

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela.

O director xeral da Función Pública. José María Barreiro Díaz

